

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 7 de marzo de 2018, do nomeamento para a provisión por promoción interna dun posto de administrativo do Parlamento de Galicia

No uso das facultades que me confire o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia e as bases da convocatoria para a provisión por promoción interna dun posto de administrativo do Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Nomear o funcionario do Parlamento de Galicia Manuel Fernández Andrade, co DNI nº 76507419-N, titular do posto de administrativo.

Contra esta resolución poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Presidencia do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente